



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA DE 10 DE MAIO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E  
TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do acondicionamento da estrada PO-342 Virxe do Camiño-Cela, treito: Virxe do Camiño-Mosende
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do acondicionamento da estrada LU-113, treito: Moncelos-Abadín (N-634)

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Santiago de Compostela para continuar coa implementación dun programa de actuacións en materia de investigación lingüística para o ano 2007, a través do Instituto da Lingua Galega

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o Igape a conceder unha subvención superior a 3 millóns de euros ao proxecto de investimento que realizará a sociedade RECORVER RECUPERACIÓN, S.L. ao abeiro da Resolución do 11 de marzo de 2005 pola que se aproba a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas do Igape a proxectos empresariais de investimento



- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Xustiza e o Concello de Cerceda para o proxecto de humanización da avenida da Coruña e no núcleo da Silva
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Illa de Arousa para a execución dunha actuación en obras de contornos urbanos
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Boborás para realizar as obras de actuación no conxunto histórico de Pazos de Arenteiro

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun acordo de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o desenvolvemento e o fomento de diversos programas destinados á xuventude
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e a Universidade de Vigo para a realización do proxecto piloto Desenvolvemento da empresa galega



## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de cooperación cultural entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello de Moaña (Pontevedra) para a realización de infraestruturas culturais
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de cooperación cultural entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello de Poio (Pontevedra) para a realización de infraestruturas culturais

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dos proxectos do programa galego de actividades saudables, exercicio e alimentación (PASEA)
- Acordo de extinción da fundación Foro Permanente Gallego Iberoamericano de la Salud, de conformidade co previsto no artigo 59.1 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Ames para a realización da obra: "Adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos", por importe de 337.362,54 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun inventario de xeración de residuos e redacción do plan de xestión de residuos industriais e solos contaminados de Galicia, por importe de 193.111,11 euros



- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o Consorcio As Mariñas e a Asociación G.A.L. Terra das Mariñas para a implantación da Axenda 21 Local no territorio do Consorcio, por importe de 195.274,40 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Muros para a implantación dun núcleo de sustentabilidade, fase II, por importe de 222.000 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello do Barco de Valdeorras para a implantación dun núcleo de sustentabilidade, fase II, por importe de 248.000 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Guitiriz para a implantación dun núcleo de sustentabilidade, fase II, por importe de 192.000 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Abegondo para a implantación dun núcleo de sustentabilidade, fase II, por importe de 189.000 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello do Covelo para a implantación dun núcleo de sustentabilidade, fase II, por importe de 172.000 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Asociación de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural da Reserva da Biosfera Área de Allariz para a implantación dun núcleo de sustentabilidade, fase II, por importe de 267.000 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Asociación de Desenvolvemento Rural Proder II-Comarca de Pontevedra para a implantación dun núcleo de sustentabilidade, por importe de 267.000 euros



## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial e o correspondente proxecto de urbanización do Parque Empresarial da Guarda-O Rosal (Pontevedra)
- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Santiago de Compostela para a execución do proxecto PAGUS



## A XUNTA ACONDICIONARÁ AS ESTRADAS LU-113, NO TREITO MONCELOS-ABADÍN, E PO-342, NO TREITO VIRXE DO CAMIÑO-MOSENDE MEDIANTE UNHA ACHEGA ECONÓMICA DE 12,1 MILLÓNS DE EUROS

- Política Territorial investirá 7,8 millóns de euros nos 8,1 quilómetros da actuación en Abadín (Lugo) e 4,3 millóns nos case 7 quilómetros da estrada entre Tui e O Porriño (Pontevedra)
- O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública destas obras e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de acondicionamento da estrada LU-113 no treito Moncelos-Abadín. En total, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá uns 7,8 millóns de euros nos 8,113 quilómetros desta actuación. O acondicionamento da estrada afectará a 611 predios e supón o pagamento de 1,4 millóns de euros en expropiacións.

A Xunta tamén declarou a utilidade pública dos bens e dereitos afectados polo acondicionamento da PO-342 no treito Virxe do Camiño-Mosende, entre Tui e O Porriño. A CPTOPT investirá 4,3 millóns de euros nos 6,968 quilómetros desta actuación. Do orzamento total, 540.000 euros serán destinados ao pagamento de expropiacións dos 450 predios afectados.



## POLÍTICA LINGÜÍSTICA PROMOVE OS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN DO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA CUNHA ACHEGA DE 211.000 EUROS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral e a Universidade de Santiago para darlles continuidade aos proxectos que ten en marcha o centro de investigación lingüística
- Grazas ao acordo, realizaranse novos volumes do Atlas Lingüístico Galego e comezarán os traballos do proxecto Arquivo do Galego Oral
- Abordarase tamén a actualización do Tesouro Informatizado da Lingua Galega, ao que se incorporarán preto dun millón máis de palabras

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Santiago desenvolverán ao longo deste ano un programa de actuacións en materia de investigación lingüística. Mediante o acordo que hoxe aprobou o Consello da Xunta, Política Lingüística financiará con 211.000 euros diferentes proxectos científicos da universidade, que van ser desenvolvidos polo Instituto da Lingua Galega.

A elaboración de novos volumes do Atlas Lingüístico Galego, os correspondentes a Agricultura , Terra e Plantas e O Ser Humano, así como a actualización da base de datos lexicográfica e o mantemento do Tesouro Informatizado da Lingua Galega son parte do labor que se vai realizar nestes meses, nos que está previsto que se incorporen á base de datos preto dun millón máis de palabras.

Xunto a estes proxectos, o convenio contempla tamén a preparación, transcripción e edición dos documentos galegos da colección diplomática do mosteiro de Santa María de Oia, a elaboración do corpus de textos romances da Galicia medieval e a explotación e mantemento do Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega, ao que se incorporarán este ano entre 15 e 20 millóns de caracteres á súa base textual.

Ademais, vaise preparar unha nova edición do Dicionario de dicionarios do galego medieval e comezarán os traballos do proxecto Arquivo do Galego Oral, que consistirán na clasificación temática dos textos, no incremento das bases textuais e na posta en marcha na web do Instituto da Lingua Galega dunha primeira mostra de textos con audio. Antes de que remate o ano, estará lista a web do Arquivo Galego Oral.



## O IGAPE HABILITA TRES LIÑAS DE FINANCIAMENTO POR IMPORTE DE 40 MILLÓNS DE EUROS PARA MICROEMPRESAS, NOVOS EMPREENDEDORES E PEMES QUE APOSTEN POR MELLORAR A SÚA COMPETITIVIDADE

- O instituto subsidiará parcialmente os xuros dos préstamos mentres que as sociedades de garantía recíproca os avalarán nun 80%
- A liña de microcréditos incorpora como novidade a súa compatibilidade con outras fontes de financiamento
- Póñense en marcha, ademais da liña de microcréditos, unha liña denominada Peme Xove e outra denominada Peme Competitiva

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), as sociedades de garantía recíproca galegas –Sogarpo e Afigal- e un grupo de entidades financeiras asinarán un convenio de colaboración co obxectivo de crear tres liñas de financiamento cun importe de 40 millóns de euros, dirixidas ás pequenas e medianas empresas galegas. A sinatura do convenio foi aprobada hoxe polo Consello da Xunta, que habilita ao Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda á formalización dun acordo que persegue facilitar o financiamento de proxectos promovidos por microempresas, novos emprendedores ou pemes que desexen impulsar iniciativas de mellora da súa competitividade.

O acceso ao financiamento dos investimentos mediante créditos bancarios é unha das barreiras principais con que se atopan as pequenas empresas e emprendedores, polas dificultades na achega de garantías de reembolso e polos elevados custos de xestión que, en proporción, teñen as operacións de pequena contía. As pemes tamén teñen problemas para acadar créditos para impulsar investimentos en innovación e desenvolvemento para mellorar a súa competitividade. Facilitar o financiamento destes tres modelos de investimento é o obxectivo do convenio en que o Igabe achegará subvencións parciais dos préstamos permitindo que as empresas dispoñan de vantaxosas condicións nos xuros.

A liña para microempresas –menos de dez traballadores- habilita os xa coñecidos microcréditos do Igabe, que agora incorporan como novidade e principal vantaxe a de ser compatibles con outras fontes de financiamento. Nesta liña, os créditos, por importe máximo de 25.000, terán prazos de 5 anos e un xuro fixo, de entrada, do 4,25%; no segundo semestre, este xuro determinarase sumando 0,20 puntos ao euríbor a 1 ano de maio. Estes microcréditos poden cubrir ata o 100% dos investimentos. Do mesmo xeito que nas outras liñas, estes créditos disporán dun aval dunha Sociedade de Garantía Recíproca polo 80% de cada operación.

As outras dúas liñas son a denominada Peme Xove, para novos emprendedores ou empresarios con menos de dous anos de actividade; e a Peme Competitiva, para





pemes con maior antigüidade na súa actividade que invistan na mellora da competitividade. En ambos os dous casos, os créditos tamén son compatibles con outras fontes de financiamento e os prazos serán de 5 a 7 anos cun importe que poderá oscilar entre os 25.000 e os 120.000 euros. O préstamo poderá cubrir ata o 90% dos investimentos impulsados por novos emprendedores e ata o 75% no caso da liña Peme competitiva. O xuro, nestas dúas liñas, será variable, de 0,40 puntos sobre o euríbor a seis meses, partindo dun primeiro semestre cun xuro do 4,25%.

O convenio considera que o volume total das tres liñas ascenderá a 40 millóns de euros repartidos entre os 20 millóns de euros para a liñas de microempresas, e os 10 millóns de euros de cada unha das liñas de emprendedores, e de mellora da competitividade.



## A XUNTA APOIARÁ CON 5,2 MILLÓNS DE EUROS O PROXECTO DE RECOVER RECUPERACIÓN QUE INVESTIRÁ PRETO DE 50 MILLÓNS NA COMARCA DE FERROL

- Recover Recuperación instalará unha avanzada planta de tratamento de residuos na comarca de Ferrolterra que utiliza unha nova tecnoloxía de gasificación por plasma
- Esta planta de valorización de residuos utilizará unha avanzada tecnoloxía de gasificación por plasma

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) apoiará con 5,2 millóns de euros o proxecto da empresa galega Recover Recuperación para a instalación dunha planta de tratamento de residuos na comarca de Ferrolterra, concretamente, no concello de das Somozas. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta que autorizou ao instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda a tramitar o apoio ao proxecto promovido polo grupo galego Toysal que conta cun investimento de preto de 50 millóns de euros e que supón unha creación de emprego directo de 26 postos de traballo.

A planta de valorización de residuos que promove Recover utilizará unha avanzada tecnoloxía de gasificación por plasma levada a cabo pola multinacional norteamericana Solena Group. Cunha capacidade de tratamento de residuos en torno a 45.000 toneladas anuais, a tecnoloxía adoptada por esta multinacional é o PGV (Plasma Gasification and Vitrification), que permite tratar residuos sólidos urbanos, hospitalarios ou industriais; restos de pinturas, disolventes, PVC, aceites; pneumáticos, cinzas de incineración e lodos de refinarias ou de estacións de depuración. Os produtos obtidos despois do tratamento dos residuos serán enerxía eléctrica (15,6 MW, dos que 3,8 MW se empregarán para consumo propio e o resto para a rede eléctrica); e material vítreo ou basalto, idóneo como material de construción, como base para estradas, ou para a elaboración de baldosas, ou tellas, entre outros.

A tecnoloxía de plasma para valorización de residuos que vai empregar esta nova planta supón uns custos operativos e de investimento que son inferiores aos de calquera incineradora de tamaño e capacidade similar. Ademais, ofrece vantaxes con respecto ao ambiente. Entre elas, cabería destacar que non xera emisións contaminantes; ofrece versatilidade no tratamento de residuos, xa que pode valorizar calquera tipo de residuo, xa sexa sólido, pastoso ou líquido; permite un maior aproveitamento enerxético dos residuos dado que a valorización enerxética que se obtén é entre 1,5 e 2,5 veces a producida nas incineradoras de última xeración; e ofrece a máxima recuperación dos recursos contidos nos residuos, posto que os produtos obtidos do proceso teñen valor comercial.



A tecnoloxía PGV (Plasma Gasification and Vitrification) consiste en queimar o aire mediante un arco eléctrico transferido ata temperaturas extremas, de forma que pasa a estado de plasma. Unha vez que está en estado de plasma é proxectado sobre o fluxo de residuos, acadándose unha disociación das moléculas dos compoñentes orgánicos dos residuos, pasando a formar un gas de síntese combustible que poderá ser utilizado para a xeración de electricidade.



## POLÍTICA TERRITORIAL ACHEGA 668.425 EUROS Á MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA AVENIDA DA CORUÑA E O NÚCLEO DA SILVA, EN CERCEDA

- O Consello da Xunta aprobou a sinatura do convenio de colaboración entre Política Territorial e o Concello de Cerceda

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes achegará un total de 668.425 euros (repartidos entre 2007 e 2009) para acometer unha actuación de humanización e mellora da seguridade viaria na avenida da Coruña e no núcleo da Silva, no concello coruñés de Cerceda.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o dito Concello para levar a cabo unhas obras que contan cun orzamento global de 1.028.346 euros (o 35% é financiado pola administración local).

No caso do núcleo da Silva a actuación consiste, principalmente, na dotación de beirarrúas, o que permite mellorar as condicións de seguridade para o tránsito peonil.

A avenida da Coruña é unha rúa de dobre sentido de circulación con beirarrúas e aparcadoiros en ambas as marxes e está dotada dos servizos urbanos correspondentes. As redes de electricidade e iluminación son aéreas, polo que inciden na seguridade viaria dos peóns e dos vehículos que transitan pola rúa. Polo tanto, Política Territorial financia obras complementarias de humanización que pretenden ofrecer unha maior calidade de vida.

A titularidade do tramo que é obxecto de actuación será transferido ao Concello de Cerceda unha vez rematadas as obras.



## O GOBERNO GALEGO FINANCIA CON 2,75 MILLÓNS DE EUROS AS OBRAS DE REMATE DO COMPLEXO SOCIOCUTURAL DA ILLA DE AROUSA

- O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e este concello pontevedrés
- O complexo albergará o centro da terceira idade da Illa, un auditorio con capacidade para 250 persoas e espazos auxiliares para exposicións

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes achegará un total de 2,75 millóns de euros (repartidos en tres anualidades entre este ano e o 2009) para acometer as obras de remate do complexo socio cultural que se está a construír na Illa de Arousa.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello da Illa para finalizar esta actuación que contribúe a revitalizar o contorno patrimonial do antigo peirao do Pau e do Museo da Conserva, área en que se localiza o complexo sociocultural.

O dito complexo albergará o centro da terceira idade da Illa, un auditorio con capacidade para 250 persoas e espazos auxiliares para exposicións. As obras iniciáronse en 2004 e, nunha primeira fase, executouse a estrutura, cimentación, cubertas e instalación de fontanaría. Polo tanto queda pendente de execución todo o seu interior así como a urbanización do contorno do edificio.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras en contornos urbanos coa finalidade de adecuar espazos dende o punto de vista ambiental e urbanístico e, deste xeito, incrementar as dotacións e mellora das instalacións para uso cidadán.



## POLÍTICA TERRITORIAL ACHEGA 314.000 EUROS AO ACONDICIONAMENTO DO NÚCLEO HISTÓRICO ARTÍSTICO DE PAZOS DE ARENTEIRO, NO CONCELLO DE BOBORÁS (OURENSE)

- O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o municipio
- As actuacións proxectadas por Política Territorial implican o arranxo e complementado do actual pavimento e a realización de novas canalizacións soterradas para a subministración eléctrica, entre outros
- O núcleo de Pazos de Arenteiro está declarado conxunto histórico artístico

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes financia con 314.000 euros as obras de acondicionamento estético e funcional do núcleo de Pazos de Arenteiro (no concello ourensán de Boborás), que está declarado conxunto histórico artístico.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Boborás para acometer as obras necesarias co obxectivo de arranxar a deterioración que certas instalacións provocan en Pazos de Arenteiro e, deste xeito, mellorar e resaltar a condición de conxunto histórico-artístico que ostenta.

Trátase dunha zona en que unha liña eléctrica de baixa tensión, a iluminación pública e a telefonía discorren polas fachadas, atravesando rúas sobre postes e edificacións de gran importancia histórico-artística.

As actuacións proxectadas por Política Territorial implican o arranxo e complementado do actual pavimento, a realización de novas canalizacións soterradas para a subministración eléctrica, telecomunicacións e iluminación pública, a renovación do saneamento interior ao núcleo substituíndo os colectores e realizando unha nova rede reparada de pluviais e fecais e a renovación da rede de abastecemento de auga.

As obras afectan unha superficie de aproximadamente 1.200 m<sup>2</sup> que abranguen a rúa Ponte dende o cruzamento coa estrada a Boborás, e a rúa Camiño da Fonte ata a ábsida da Igrexa de San Salvador.

Concretamente, nos tramos sen beirarrúas da rúa da Ponte levantaranse os laterais para acometer as instalacións de servizos pertinentes e, posteriormente, construírse unha beirarrúa con lousas de pedra de similares características ás que se encontran na agrupación de casas próximas á ponte. Así mesmo, pavimentaranse os pequenos espazos públicos que existen entre algunhas edificacións con materiais similares ás



rúas da contorna xa que, deste xeito, quedarán integrados na trama urbana de que forman parte.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras en contornos urbanos coa finalidade de adecuar espazos dende o punto de vista ambiental e urbanístico e, deste xeito, incrementar as dotacións e mellora das instalacións para uso cidadán.



## A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 317.000 EUROS PARA O PROXECTO PILOTO DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA GALEGA

- Innovación e Industria, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e a Universidade de Vigo colaborarán nesta actuación que será desenvolvida nunha ducia de pemes galegas

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e a Universidade de Vigo para a execución do proxecto piloto “Desenvolvemento da Empresa Galega” en doce pemes galegas durante este ano 2007. A Consellería e a fundación, dependente dela, achegarán á Universidade de Vigo un total de 317.041,92 euros para o desenvolvemento do proxecto.

Esta iniciativa desenvólvese co obxectivo de mellorar a capacidade competitiva das pemes galegas cara á aumentar a súa penetración nos mercados internacionais e crear as condicións para que o talento desenvolvido nas universidades de Galicia encontren emprego no país. Deste xeito, a Universidade de Vigo elaborará a metodoloxía e deseñará a articulación inicial do proxecto piloto para posteriormente realizar as actuacións previas ao seu desenvolvemento. Así, en cada unha das doce empresas seleccionadas procederáse á declaración da visión, análise e predeseño, deseño e elaboración das actuacións que se van.

A metodoloxía que se empregará basearase en ferramentas para propiciar o funcionamento da espiral de aprendizaxe PEO (Persoa-Equipo-Organización), polo que ao talento existente nas empresas sumaráselle o do analista ou experto, de modo que sexan os equipos de mellora os que creen quen deseñe, elabore e implante as accións de mellora. Nunha primeira fase de actuación deseñarase e articularase o proxecto e xa nunha segunda fase crearase en cada empresa un Equipo de Desenvolvemento Estratéxico para pór en marcha o cambio estratéxico que a empresa decida emprender. Neste marco, realizaranse accións formativas e elaboraranse os primeiros borradores de traballo. Xa nas seguintes fases, procederáse á elaboración dos distintos mapas estratéxicos do cambio perseguido e, por último, redactarase o documento definitivo que resuma a declaración da visión estratéxica da peme e os programas estratéxicos, con accións de mellora que se vai implantar, para comezar así o traballo en equipo.





## O GOBERNO GALEGO PROMOVERÁ INICIATIVAS DE LECER PARA ACHEGARLLES AOS MOZOS E ÁS MOZAS GALEGOS O COÑECEMENTO DO PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL DO PAÍS

- O consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Consellería de Industria no desenvolvemento desta iniciativa, na cal se invisten 190.000 euros

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Consellería de Innovación e Industria que establece a colaboración dos dous departamentos autonómicos para promover entre os mozos e mozas galegos varias iniciativas de turismo que pretenden achegar a xuventude ao coñecemento do patrimonio natural, histórico, cultural e arqueolóxico do país.

O convenio autorizado hoxe establece as bases da colaboración entre a Dirección Xeral de Xuventude e a Dirección Xeral de Turismo para o desenvolvemento do programa Descubre Galicia, para o que o departamento dependente da Consellería de Innovación vai destinar 150.000 euros. A través desta actividade, estudantes galegos de 3º e 4º de ESO e de 1º de bacharelato ata os 18 anos poden gozar dunha semana de encontro, intercambio e aprendizaxe tomando como eixes tres realidades ben diferenciadas: a Galicia interior, a costa e o Camiño de Santiago. Con esta iniciativa, os participantes achéganse ao medio natural, á historia, á arte, e ao eido social destes contornos a través de xogos, actividades deportivas, visitas guiadas e rutas, compartindo esta experiencia con rapaces e rapazas doutros puntos de Galicia nun ambiente de cooperación, solidariedade e diálogo.

### Guía de Turismo Xuvenil e alberguismo

A colaboración subscrita no convenio inclúe como segundo eixe a edición dunha Guía de Turismo Xuvenil. A publicación, a que a Dirección Xeral de Turismo achega 40.000 euros, pretende recoller alternativas de ocio para a mocidade, mediante o establecemento de rutas estruturadas. Nas súas páxinas, os mozos poderán atopar información sobre medios de transporte para achegarse a estes lugares, aloxamento e sitios de interese para a visita, así como os datos técnicos destas rutas.

Por outra banda, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e Innovación e Industria colaborarán na promoción do turismo rural entre os mozos e mozas, así como na difusión da Rede Galega de Alberguismo Xuvenil. Así, o convenio prevé dar publicidade desta rede a través das oficinas de turismo radicadas en Galicia e dependentes da Dirección Xeral de Turismo, así como a elaboración dunha guía para promover o uso destas instalacións.



## O PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL INVESTIRÁ MÁIS DE 7 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR DOTACIÓNS BÁSICAS DO SECTOR PRODUTIVO

- Esta nova fase do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural prevé a realización de proxectos en todos os concellos de Galicia
- A distribución provincial será de 27 proxectos cun investimento de 2.287.357 euros na Coruña, 23 proxectos cun importe de 1.812.505 euros en Lugo, 46 proxectos cun orzamento de 2.130.909 euros en Ourense e 13 proxectos cun investimento de 835.742 euros en Pontevedra

A Consellería do Medio Rural desenvolve unha nova fase do Programa Estratéxico de Infraestruturas (PEIM), de acordo con proxectos de dinamización da base produtiva e de obras de servizos básicos, en que asinará convenios cos concellos para a execución de 109 proxectos cun investimento plurianual de 7.066.513 euros, tal como acordou o Consello da Xunta.

O Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural prevé a realización de proxectos en todos os concellos de Galicia, desenvolvidos de acordo cuns criterios de dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación; de infraestruturas de servizos básicos como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas ou pistas rurais; así como aqueles de singular natureza que entren nas competencias da Consellería.

Nesta primeira fase de 2007, investiranse 7.066.513 euros, repartidos en tres anualidades (3.992.443 euros en 2007, 2.459.256 en 2008 e 614.814 previsto en 2009). A distribución provincial será de 27 proxectos cun investimento de 2.287.357 euros na Coruña, 23 proxectos cun importe de 1.812.505 euros en Lugo, 46 proxectos cun orzamento de 2.130.909 euros en Ourense e 13 proxectos cun investimento de 835.742 euros en Pontevedra.

O PEIM naceu co fin de racionalizar, mediante a introdución de criterios obxectivos acordados coa FEGAMP, os investimentos en obras de infraestruturas destinadas a mellorar a calidade de vida dos habitantes das zonas rurais e a potenciar o seu desenvolvemento, coa dotación de equipamentos públicos e de servizos básicos elementais necesarios para contribuír a fixar poboación.



## CULTURA INVESTIRÁ 1,3 MILLÓNS NA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO CULTURAL-AUDITORIO DE MOAÑA

- A partida económica, que se distribuirá en catro anualidades, pretende incrementar a oferta de actividades culturais no concello

A Consellería de Cultura e Deporte investirá 1,3 millóns de euros na creación do centro cultural-auditorio municipal de Meira, que se materilizará coa sinatura dun convenio co Concello de Moaña que vén de aprobar hoxe o Consello da Xunta.

Cultura destina unha importante partida económica á construción do centro cultural-auditorio municipal de Meira co obxectivo de incrementar a oferta de actividades culturais e crear unha programación estable na localidade.

O investimento anunciado distribuirase en catro anualidades de forma que este ano se dedicarán 50.000 euros, 400.000 euros para os anos 2008 e 2009 e 550.000 euros para o 2010.

Cando estea en funcionamento, a nova instalación suporá un impulso para a vida cultural de Meira e de todo o concello, xa que actuará como centro radial; así como un importante foco de dinamización social. Cunha superficie útil de 2.800 metros cadrados, o centro cultural disporá de abondosas instalacións para acoller unha ampla gama de actividades. Entre esas estruturas figuran un auditorio, unha sala de ensaios para espectáculos, unha sala de exposicións, aulas para realizar obradoiros e cursos, unha sala de usos múltiples, biblioteca e cafetería. Así mesmo, tamén acollerá o centro de formación da muller.

O Auditorio cun aforo para 500 persoas formará parte da Rede Galega de Teatros. O auditorio do centro contará cun aforo de 500 persoas e os servizos e facilidades que incluíra permitirán que forme parte da Rede Galega de Teatros e Auditorios, promovida polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais. Desta maneira, o novo centro multiplicará a oferta de actividades culturais e espectáculos de Moaña.

A Xunta considera que con esta nova infraestrutura cultural dáselles resposta ás demandas e necesidades dunha vila do tamaño e dunha dinámica cultural e social tan importantes como Moaña.



## A XUNTA FINANCIA CON 700.000 EUROS A CONSTRUCIÓN DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ EN POIO

- Cultura pretende facer do edificio un centro radial das actividades culturais do concello e conseguir unha programación estable

A Consellería de Cultura e Deporte financiará con 700.000 euros a construción da Casa de Cultura de Raxó, que se materializará tras a sinatura dun convenio co concello de Poio, que vén de aprobar hoxe o Consello da Xunta.

O investimento que realiza o ascende a un total de 700.000 euros que serán repartidos en tres anualidades; este ano destinaranse 300.000 euros, e en 2008 e no 2009, 200.000 euros cada ano.

A Consellería de Cultura realiza esta achega co obxectivo de crear unha oferta cultural que cubra as necesidades culturais dos habitantes da zona. Na actualidade o concello de Poio carece de instalacións culturais que lle permitan programar actividades prolongadas no tempo ou actividades de carácter teatral, cinematográfico ou bibliotecario que precisan para o seu desenvolvemento dunha infraestrutura axeitada ás súas necesidades técnicas.

O deseño do centro consiste nunha gran cuberta-praza e servirá como catalizador da actividade cultural e de ocio. Está concibido como un espazo versátil e contará con biblioteca, aulas, auditorio e cafetería. Terá unha praza inferior cuberta, ademais da praza que constitúe o propio teito do edificio.

Con esta actuación, a Xunta prosegue a súa liña de divulgación, información e promoción da cultura que ten como propósito achegar o máximo posible o patrimonio cultural do país á sociedade en xeral.



## A CONSELLERÍA DE SANIDADE TRAMITA A ELIMINACIÓN DA FUNDACIÓN FORO GALEGO IBEROAMERICANO DA SAÚDE

- A Fundación Foro Permanente Galego Iberoamericano da Saúde convértese na primeira fundación sanitaria galega que se extingue definitivamente, seguindo a tramitación prevista na nova Lei de fundacións de interese galego
- Acordouse, así mesmo, a recolocación dos traballadores desta entidade nas institucións do sistema sanitario galego

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a eliminación da Fundación Foro Permanente Galego Iberoamericano da Saúde, enmarcado no artigo 59.1 da Lei 12/2006, da extinción das fundacións do sector público de Galicia.

O motivo da extinción é que as funcións para as que a fundación foi creada en 1997 son competencias propias da planificación da Consellería de Sanidade e funcións que corresponden ao Servizo Galego de Saúde ou a entidades como a Escola Galega de Administración Pública ou a Fundación Galicia Saúde. Ademais, non se considera procedente modificar os seus estatutos ou a fusión con outra fundación.

A extinción da fundación adoptouse co acordo dos membros do padroado da propia fundación. E, para a súa extinción, o Goberno galego procedeu ao saneamento da entidade, logo da balance da fundación pechado á data en que se acordou a extinción, e á relocalación dos seus traballadores e traballadoras por parte das institucións sanitarias do sistema sanitario galego.

A Fundación Foro Permanente Galego Iberoamericano da Saúde convértese na primeira fundación sanitaria galega que se extingue definitivamente, seguindo a tramitación prevista na nova Lei de fundacións de interese galego.



## A XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE ACTIVIDADES SAUDABLES, EXERCICIO E ALIMENTACIÓN

- O Goberno galego achegará a esta iniciativa, a través da Consellería de Sanidade, un total de 296.964,41 euros

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago para o desenvolvemento dos proxectos do programa galego de actividades saudables, exercicio e alimentación (PASEA). Este acordo implica un investimento de 296.964,91 euros.

A educación para a saúde e o fomento dos estilos de vida saudables son obxectivos da Consellería de Sanidade e así aparecen recollidos no Plan de Saúde para Galicia 2006-2009. Especialmente oriéntanse á incidencia na infancia e xuventude establecendo como obxectivos informar a poboación de como previr os factores de risco cardiovascular, así como informar e promover hábitos e estilos de vida saudables que permitan controlar estes factores de risco.

Nesta liña a Consellería de Sanidade puxo en marcha o Programa de Actividades Saudables, Exercicio e Alimentación (PASEA) que pretende frear a tendencia ascendente da prevalencia dos factores de risco das enfermidades crónicas mediante a promoción de estilos de vida saudables na poboación que permitan controlar estes factores de risco.

O convenio autorizado hoxe implica en concreto a realización por parte da Universidade de Santiago de Compostela, de actividades para prestar asesoramento técnico para a posta en marcha e avaliación do Servizo de Asesoramento Nutricional para os centros docentes con comedor escolar; ou a revisión da Carpeta de Saúde Infantil editada pola Consellería de Sanidade, proponendo recomendacións alimentarias e de actividade física para a infancia e a adolescencia.

Outras actividades recollidas no dito convenio son o asesoramento no desenvolvemento de novos parámetros de avaliación e técnicas a utilizar na visita de saúde en función da idade; a elaboración e desenvolvemento do Programa de Formación Continuada do persoal docente, no marco do PASEA e Proxecto VALORA; desenvolvemento de actividades de promoción da dieta atlántica; coordinación do grupo de expertos para o estudo da dieta atlántica e o desenvolvemento de recomendacións específicas e dunha pirámide de alimentos; e asesoramento na elaboración de indicadores de avaliación do impacto do programa PASEA.



## A XUNTA PROMOVERÁ A IMPLANTACIÓN DA AXENDA 21 LOCAL NO TERRITORIO DO CONSORCIO AS MARIÑAS CO FIN DE DESENVOLVER NESTA ZONA ACCIÓNS EN FAVOR DO MEDIO AMBIENTE

- Entre as accións que se desenvolverán inclúese a elaboración dunha auditoría ambiental, un cadro de indicadores de sustentabilidade e plans de acción, seguimento e participación cidadá
- A Consellería de Medio Ambiente asumirá o 50 por cento do custo das actuacións, cun investimento de 195.274 euros

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o consorcio "As Mariñas" e a Asociación G.A.L. "Terra das Mariñas" investirán 390.548 euros na implantación da Axenda 21 Local no territorio do Consorcio. O convenio de colaboración entre os tres organismos foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta, e permitirá o desenvolvemento de diversas accións, entre elas a elaboración dunha auditoría ambiental, un cadro de indicadores de sustentabilidade e os plans de acción, seguimento e participación cidadá encamiñados a implantar a Axenda 21.

O obxectivo desta iniciativa, a Axenda 21 Local, é fomentar e promover o establecemento de prácticas que conduzan ao desenvolvemento sustentable

Medio Ambiente asumirá o 50 por cento do custo destas accións, o que supón un investimento de 195.274 euros; mentres que a Asociación G.A.L. "Terra das Mariñas" financiará o 40% das actuacións e o Consorcio o 10 por cento restante. A achega da Consellería de Medio Ambiente distribuirase en tres anualidades, correspondendo á de 2007 a cantidade de 59.000 euros; 63.000 euros con cargo aos orzamentos do 2008 e 73.274 euros aos de 2009.

As accións previstas para a implantación da Axenda 21 Local beneficiarán os nove concellos que integran o Consorcio "As Mariñas", que son os de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada; o que supón unha poboación superior aos 140.000 habitantes.

Mediante este convenio, que estará vixente ata o 30 de novembro de 2009, a Consellería cofinanciará as accións previstas, e, pola súa vez prestará apoio e asesoramento técnico para o desenvolvemento do proceso de Axenda 21 Local. Pola súa parte, o Consorcio "As Mariñas" coordinará o proxecto e encargarse da licitación das contratacións que sexan precisas para a implantación da Axenda 21. Tamén realizará a contratación dun axente de desenvolvemento sustentable para comprobar o avance do proxecto.



### Modelo de desenvolvemento sustentable

A execución da Axenda 21 Local permitirá a definición dun modelo de desenvolvemento sustentable no territorio do consorcio, coa posta en marcha de estratexias e programas destinados a acadar un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endógeno, sustentable e integral na zona, e establecendo un proceso de diálogo cos cidadáns, organizacións e entidades para acadar este obxectivo.

As actuacións darán inicio coa elaboración dunha auditoría ambiental, que permitirá contar cunha diagnose da realidade social, económica e ambiental do territorio do consorcio, o que servirá como base ás restantes actuacións. En función dos resultados da auditoría realizarase o plan de acción, no cal quedarán definidas as actuacións prioritarias e as políticas ambientais integradas que permitan superar os problemas detectados.

Pola súa parte, o Plan de Participación Cidadán articulará a participación social nas políticas ambientais, mentres que o plan de seguimento suporá a posta en práctica dunha serie de mecanismos para comprobar a evolución e grao de cumprimento do plan de acción. Isto acompañarase dos indicadores de sustentabilidade global e sectorial, que permitirá contar con xuízos claros da situación actual e da evolución da implantación da Axenda 21.





## O EXECUTIVO GALEGO INVESTIRÁ 1,5 MILLÓNS DE EUROS EN ACCIÓNS PARA IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE NÚCLEOS DE SUSTENTABILIDADE INTEGRADA EN TRECE CONCELLOS GALEGOS

- Nos municipios de Abegondo, Muros, O Barco de Valdeorras, O Covelo e a Reserva da Biosfera integrada por Allariz, A Bola, Rairiz e Vilar de Santos desenvolverase a segunda fase de implantación, mentres que na comarca de Pontevedra (que inclúe os concellos de Barro, Poio, Ponte Caldelas e Vilaboa) porase en marcha por vez primeira este programa piloto
- Os municipios, que suman unha poboación de case 80.000 habitantes, terán preferencia na percepción de axudas ou investimentos de carácter ambiental
- As accións da segunda fase inclúen a realización de auditorías ambientais, plans de acción, seguimento e participación cidadá, implantación dun sistema de información xeográfica, e investimentos en eficiencia enerxética, ademais de iniciativas no sector privado

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 1.557.000 euros en accións para a implantación e desenvolvemento de núcleos de sustentabilidade integrada en 13 concellos galegos, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a sinatura dos correspondentes convenios de colaboración entre o departamento autonómico e os municipios que se sumaron á posta en marcha deste proxecto piloto.

O programa de implantación de núcleos de sostibilidade estase a desenvolver en trece concellos das catro provincias galegas. Nos de Abegondo e Muros (A Coruña); Guitiriz (Lugo); O Barco de Valdeorras e a Reserva da Biosfera, integrada por Allariz, A Bola, Veiga e Vilar de Santos (Ourense); e Covelo (Pontevedra), o investimento destinarase á segunda fase das actuacións previstas, mentres que na comarca de Pontevedra, na que se inclúen os concellos de Barro, Ponte Caldelas e Vilaboa, o orzamento previsto irá destinado a asumir o total das accións previstas para transformar a estes concellos en núcleos de sustentabilidade integrada.

O obxectivo deste proxecto é posibilitar a integración, a nivel local, de todas as accións susceptibles de ser promovidas pola administración municipal e a autonómica, que garden relación directa coa consecución dun desenvolvemento local sustentable. Para iso está previsto que cada municipio deseñe un Plan Integrado de sustentabilidade local, que será o instrumento básico para vertebrar unha serie de actuacións medio ambientais que serán consideradas de carácter prioritario, tanto por parte da consellería como do resto de departamentos autonómicos que teñan relación coa execución do plan, así como do Ministerio de Medio Ambiente.



Deste xeito, preténdese que as entidades locais, por ser a administración máis próxima ao cidadán, favorezan o cumprimento de premisas como a Axenda 21, un plan de acción que sentou as bases do desenvolvemento sustentable a nivel global no Cumio da Terra celebrado en Río de Janeiro en 1992.

A Consellería de Medio Ambiente destinará en total 2,5 millóns de euros ás accións encamiñadas á implantación dos núcleos de sustentabilidade integrada nestes trece concellos. Desta cantidade, 1.557.000 euros corresponden ás accións incluídas na segunda fase do programa en doce dos municipios, así como actuacións previstas na primeira e segunda fase do proxecto na comarca de Pontevedra. Para iso, Medio Ambiente subscribirá convenios de colaboración con cada un dos concellos, que estarán vixentes ata decembro do 2009 e que recollen os seguintes investimentos:

#### Investimentos

NÚCLEO	Nº HABITANTES	INVESTIMENTO
Abegondo	5.756	189.000 euros (Fase II)
Muros	9.995	222.000 euros (Fase II)
Guitiriz	6.041	192.000 euros (Fase II)
Reserva da Biosfera: Área de Allariz (Vilar de Santos, Rairiz de Veiga e A Bola)	9.667	267.000 euros (Fase II)
O Barco de Valdeorras	13.700	248.000 euros (Fase II)
Comarca de Pontevedra: Vilaboa, Barro, Pontecaldelas, Poio	30.759	267.000 euros (Fase I e II)
O Covelo	3.652	172.000 euros (Fase II)
<b>TOTAL</b>	<b>79.570</b>	<b>1.557.000 €</b>

#### Accións

Entre as accións realizadas na primeira fase da implantación atópase a creación da Axencia de Sustentabilidade Local, co fin de servir de nexo de unión entre as administracións locais e a autonómica e organizar as actividades de cada municipio. A creación dos núcleos tamén implica un maior grao de participación dos actores



sociais, motivo polo que considera, na primeira fase, a creación dun Comité de xestión do núcleo, integrado por grupos, asociacións e empresas, ademais dos gobernos local e autonómico.

Na súa segunda fase, o programa prevé a realización de accións de integración ambiental e implantación de sistemas de xestión ambiental nos concellos, así como o desenvolvemento de actuacións de sensibilización entre os colectivos sociais, con cursos e xornadas formativas, xunto a actuacións específicas de carácter ambiental nos centros educativos.

Outra das actuacións previstas é a implantación da Axenda 21 local nos concellos, que se levará a cabo mediante a realización dunha auditoría ambiental, e plans de acción, participación e seguimento; así como nos centros educativos. Así mesmo, o proxecto recolle a creación dun sistema de información xeográfica e investimentos en eficiencia enerxética, adecuación da estrutura urbana á mobilidade sustentable e achegar o patrimonio natural e o cultural.

#### Participación en iniciativas internacionais

Os concellos tamén participarán en iniciativas internacionais, que permitan obter recursos e intercambiar experiencias a nivel global, tales como a Campaña Europea de Cidades e Pobos Sustentable a través da sinatura da Carta de Aalborg), a Axenda local da auga ou a campaña de Cidades Europeas pola Protección do Clima.



## MEDIO AMBIENTE ELABORARÁ EN COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO O INVENTARIO E O PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS E SOLOS CONTAMINADOS PARA O PERÍODO 2008-2014

- Os traballos, que realizarán investigadores da universidade en colaboración cos técnicos da consellería, permitirán actualizar os datos existentes para a redacción o novo plan de residuos industriais, que substituirá o actual e que data do ano 2000

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago elaborarán conxuntamente o inventario de residuos industriais e o Plan de Xestión de Residuos Industriais e Solos Contaminados para o período 2008-2014. Así se recolle nun convenio aprobado hoxe polo consello da Xunta. Os traballos, que realizarán investigadores da universidade en colaboración cos técnicos da consellería, permitirán actualizar os datos existentes para a redacción o novo plan de residuos industriais, que substituirá o actual e que data do ano 2000.

A avaliación e redacción do novo plano levarase a cabo en tres fases:

- Situación actual do residuos industriais, balance e necesidades de xestión
- Obxectivos e propostas de actuación para o período 2008-2014
- Redacción do plan 2008-2014 e período de alegacións.

Todos estes traballos, algúns dos cales se desenvolverán de xeito simultáneo, deberán estar concluídos nun prazo de 14 meses, durante os cales a Consellería de Medio Ambiente realizará dúas achegas económicas (unha este ano e outra o vindeiro) á Universidade de Santiago para sufragar as investigacións por importe total de 193.111 euros.

Durante a primeira fase elaborárase un inventario dos residuos industriais, que abarcará todo o territorio galego, no que hai asentadas 44.497 instalacións deste tipo: 17.327 na Coruña; 14.535 en Pontevedra; 6.695 en Ourense e 5.940 en Lugo. O citado rexistro diferenciará entre os tres tipos de residuos industriais: non perigosos, perigosos e solos contaminados.



## O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ 337.362 EUROS Á CLAUSURA DO VERTEDOIRO DE RESIDUOS DE AMES (A CORUÑA)

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 337.362 euros á adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos do concello coruñés de Ames. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a Administración autonómica e a local para a realización desta actuación, que será financiada por Medio Ambiente.

O proxecto de clausura do vertedoiro de RSU, que ten un prazo de execución de cinco meses, realizarase no lugar coñecido como Chan do Monte, na parroquia de Ameixenda, nunha parcela de 22.837 metros cadrados dos cales máis de 11.000 son utilizados como vertedoiro de residuos.

As obras que se van executar para a clausura do vertedoiro inclúen a recollida de todos os residuos dispersos para recolocalos e compactalos; a selaxe da superficie; as obras de drenaxe para evacuar a auga da chuvia e minimizar así a infiltración; a captación e control de lixiviados; o control de gases e as obras de peche do perímetro con cerrume metálico.

O proxecto completarase coa recuperación da zona mediante a revexetación da superficie selada e co establecemento dun programa ambiental para o seguimento, control e vixilancia do vertedoiro.



## A XUNTA E O CONCELLO E SANTIAGO COLABORARÁN NA POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA PAGUS, DESTINADO A FAVORECER O DESENVOLVEMENTO E A CONSERVACIÓN SUSTENTABLE DOS CENTROS HISTÓRICOS

- A Consellería de Vivenda financia con 165.000 euros o gasto que ten asignado o Concello de Santiago dentro do programa de cooperación interrexional
- O obxectivo do programa é favorecer o desenvolvemento e a conservación sustentable dos centros históricos europeos mediante a recualificación urbana e recuperación do patrimonio construído

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Santiago para a execución do Programa PAGUS. A través deste convenio, Vivenda financia con 165.000 euros o gasto que ten asignado o Concello no marco do programa de cooperación interrexional, e que ascende a 220.000 euros. Nese sentido, a achega do Departamento Autonómico supón o 75% do gasto asignado ao Concello de Santiago con cargo aos orzamentos de 2007.

O obxectivo do Programa PAGUS é favorecer o desenvolvemento e a conservación sustentable dos centros históricos europeos de pequeno e mediano tamaño, mediante intervencións integradas de recualificación urbana e recuperación do patrimonio construído, accións de mellora da accesibilidade física, e a posta en marcha de servizos avanzados de información e asistencia aos habitantes dos centros históricos.

A través da sinatura do convenio de colaboración, a Consellería de Vivenda e Solo colaborará co Concello de Santiago no desenvolvemento efectivo do programa, facilitándolle o apoio técnico necesario e promovendo acordos e encontros con outras entidades das rexións participantes no programa.

A principal liña de traballo desenvolva a través do PAGUS trata da especialización e capacitación de técnicos para intervir en rehabilitación e renovación urbana de zonas históricas, un aspecto en que Galicia é líder e exemplo para outros países europeos participantes neste programa financiado polos fondos INTERREG da Unión Europea.



## APROBADO O PROXECTO SECTORIAL E O PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DA GUARDA-O ROSAL, QUE CONTARÁ CUN INVESTIMENTO DE 8,2 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello tamén declarou de utilidade pública e interese social o desenvolvemento desta actuación
- Este parque empresarial terá unha superficie total de 260.211 metros cadrados

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o Proxecto Sectorial e o Proxecto de Urbanización do Parque Empresarial da Guarda - O Rosal. O Consello da Xunta tamén declarou a utilidade pública e interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios pola vía da expropiación para o desenvolvemento deste parque empresarial.

O Parque Empresarial da Garda - O Rosal é promovido pola sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico (SEA), na que a Consellería de Vivenda e Solo ten unha participación do 15 por cento.

O investimento total previsto para o desenvolvemento do Parque Empresarial da Garda - O Rosal é de 8,2 millóns de euros e terá unha superficie total de 260.211 metros cadrados. O parque empresarial localizarase ao sur do Concello do Rosal e ao Norte do Concello da Guarda, entre as estradas provinciais PO-353 e PO-354 e con acceso directo a estas. No que atinxe á integración paisaxística do parque, o proxecto sectorial recolle a disposición dun colchón verde en todo o seu contorno para preservar visual e acusticamente os núcleos rurais próximos.

Da superficie total do parque destinaranse a uso empresarial 166.184 metros cadrados, mentres que a superficie restante distribuirase en 37.487 metros cadrados para zonas verdes, 50.313 metros cadrados para o sistema viario e aparcadoiros, 1.023 metros cadrados para reserva de infraestruturas e 5.024 metros cadrados para equipamentos públicos.